

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáselle traslado do literal do Decreto N° 347/2022 de data 23/05/2022, no que se convoca sesión Ordinaria do Pleno.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/05/2022

EXPEDIENTE N° 2022/G010/000008

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/05/2022

EXPEDIENTE N° 2022/G003/000374

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 80 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 23/05/2022 conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar de xeito **PRESENCIAL no Salón de Sesións do concello de Ponte deume**, o vindeiro **xoves 26/05/2022 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

- SESIÓN ORDINARIA DE 28/04/2022

2.- DAR CONTA INFORME RESUMEN ANUAL DO CONTROL INTERNO 2021

3.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), PARA DESENVOLVER OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, (ODS) DA AXENDA 2030.

4.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 14 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.



5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcadía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).